

## Gonzalo HERMO

FALÁRONNOS DO SUR como dun lugar prohibido.

Dixéronnos:

«Todo canto foi materia ou corpo hoxe é dogma.

E organízase contra  
nós»

Pregúntome que sensación me invadirá cando dea regresado por fin sen restos.

Se haberá cinza que recorde

carne capaz de comprender  
a altura deste  
encontro

ESTOU AQUÍ. En fronte atópase o resto do mundo.

O vento do norte sutura o teu verbo a esta casa.  
Instala o noso medo na raíz.  
Ponlle nome a aquilo que cremos amar por moito tempo.

Pensa no instante en que soubemos que este muro caerá.  
Abre a porta, deixa pasar os cans: que coman da mesa.

Para que cheire a terra a entroido ou barricada dunha vez.  
Para que cheire a algo que se desfai e se compón constantemente.

Non deteñas a ollada na beleza do incendio.

Abre unha fisura.

Rompe o círculo.

Escapa

FREIXO NEGRO sen gromos, sen pulmón

baixando contigo pola riada de neve que  
conduce á  
nai.

Como se vestísemos de novo a pel primeira.

Quixera saber  
se darei regresado do frío  
cun corazón imposible de dicir  
que non se domestica  
cando o excedes.

Que non rebenta na antese cos demais  
porque non deixou de agromar des que temos memoria

porque non hai desta vez un agora ou un nunca  
nin hai animal que conspire contra o brazo que o aleita.

Desde o púlpito que amosa a túa carne sen nome  
quixera ver

este alento cortado polo albor

esta orixe imposible que nos apurra e se ausenta.

Esta abundancia

---

\* Os tres poemas foron cedidos polo autor con anterioridade á súa publicación en *Celebración* (Apiario, 2014).